

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 14 de outubro de 2021, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura electrónica dos sobres A correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentadas polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Concello de Ribadumia)". (Expte.- 2021037023).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 20 de setembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra " Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Concello de Ribadumia)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de setembro de 2021. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:



- OBRAS GALLAECIA, S.L.
 - CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
 - NAROM SL
 - ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.
 - CONSTRUCCIONES VALE SL
 - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
 - CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU
 - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
 - MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L. (MARCONSA)
 - CIVIS GLOBAL
 - ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servicio de Infraestructuras e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, na data indicada ao marxe.

